

## Follas murchas

**Antonio Pombar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1982]). “Follas murchas”. En *Nordés*. “Olladas na poesía”: 7 (II Data), 43. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1020>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1982). “Follas murchas”. En *Nordés*. “Olladas na poesía”: 7 (II Data), 43.

\* Edición dispoñíbel desde o 7 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# OLLADA NA POESÍA

Por ANTONIO POMBAR

## FOLLAS MURCHAS

*Hai libros de poesía que conservan, co paso do tempo, a frescura e vixencia de recién creados, pra ledicia nosa. Outros, os máis, amurchan no intre mesmo de nascer: son criaturas efímeras, pálidas floracións dun soño de arte e de beleza que non agromou. Nista segunda xeira poética haberá que situar o libro NO ALÓ DE NÓS (1), premio Galicia de poesía de 1981.*

*Non agromou porque o texto é cativo; a estrutura, elemental; a idea poética, rudimentaria: un amor que non logra impoñer a súa forza ideal persuasiva e fica engrilado en frouxas imáxens, prisioneiro no «bando azul das pombas». Un amor que non se sente vivir e latexar no texto poético, esmaiado en verbas febles. E o amor, xunto coa mar, son as liñas principais do libro, a razón do seu canto.*

*O peor é que a escritura semella poesía doutros tempos, nos que o sentimentalismo impoñíase á verdade dunha realidade poética punxente. Ista escritura anacrónica dará, sin dúbida, imáxens e metáforas repetidas por xeneracións de poetas, sin engadir nada novo: «peixes de prata», «velo de sombras», «pombas feridas», «amor é mar e vento», «choveu na rosa», «rosa-carne», «sorriso de pedra». Expresións pilladas ao azar, que darán idea sobor de qué elementos se constrúe o poema.*

*A liña tópico-amorosa, que caracteriza o resultado poético, é pouco convincente. O que está «no aló de nós» non é de nós, o amor poetizado non está no centro do pensamento, no miolo do ser; forma parte das figuracións da lonxanía; os obxectos poéticos teñen, eiquí, neste libro que comentamos, un refrexo efímero.*

*Cecáis o xurado do premio Galicia premiou o galego requintado que empregan os dous autores. Mas, a soia presenza dunha linguaxe escolleita non é garantía que se cumpran os obxetivos poéticos que o poema leva aparelado en si mesmo.*

---

(1) X. Rábade Paredes, H. Villar Janeiro: NO ALÓ DE NÓS, Universidade de Santiago de Compostela, 1981.